



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 CURSO 2020-2021

DATOS DO CENTRO

Código	Denominación
27005263	CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA

Enderezo		C.P.
Estrada de Portomarín S/N		27185
Localidade	Concello	Provincia
Lousada	Guntín	Lugo
Teléfono	Correo electrónico	
982 87 03 66	ceip.lousada@edu.xunta.es	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplousada/		



ÍNDICE

1. Medidas de prevención básica.

- 1.1. Membros do equipo Covid 19
- 1.2. Centro médico de referencia
- 1.3. Espazo de illamento Covid
- 1.4. Cadros de alumando e persoal do centro
- 1.5. Grupos estables de convivencia
- 1.6. Medidas específicas para os grupos estables de convivencia
- 1.7. Medidas específicas para o alumnado de Ed. Infantil
- 1.8. Comunicación de sintomatoloxía e rexistro de ausencias.

2. Medidas xerais de protección individual

- 2.1. Medidas xerais no centro
- 2.2. Medidas nas aulas de Ed. Primaria
- 2.3. Medidas para o emprego de aulas especiais, como AL, Ximnasio, Música, Plástica
- 2.4. Tutorías e comunicación coas familias
- 2.5. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro
- 2.6. Información e distribución do plan entre a comunidade educativa.

3. Medidas xerais de limpeza

- 3.1. Limpeza realizada polo persoal do concello
- 3.2. Limpeza realizada polo persoal do centro

4. Material de protección

- 4.1. Rexistro e inventario
- 4.2. Determinación do sistema de compras do material de protección
- 4.3. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

5. Xestión dos abrochos

- 5.1. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade.

6. Medidas de carácter organizativo

- 6.1. Determinación das entradas e saídas.
- 6.2. Portas de entrada e saída e circulación no centro educativo.
- 6.3. Sinalización e dialéctica.



6.4. Asignación do profesorado encargado da vixilancia.

7. Medidas en relación coas familias en ANPA.

8. Medidas para o alumnado transportado.

9. Medidas para o uso do comedor escolar.

10. Medidas específicas para o uso doutros espazos

10.1. Uso da biblioteca

10.2. Uso da aula de música

10.3. Sesións de Educación Física

10.4. Uso dos aseos

11. Medidas específicas para os recreos

12. Medidas específicas para o alumnado con NEE

13. Previsións específicas para o profesorado.

14. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

14.1. Formación en educación en saúde.

14.2. Difusión das medidas de prevención e protección.

14.3. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais

15. Difusión do plan



1.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1.- Membros do equipo COVID 19

Teléfono móbil de contacto ou teléfono do centro (con compromiso de desvío a un teléfono móbil)		Tlf centro: 982.87.03.66 Móbil: 664.401.388	
Membro 1	Beatriz Gómez Felipe	Cargo	Directora
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinadora do equipo COVID. • Xestionar a adquisición e inventario do material de protección necesario. • Contacto de comunicación coa administración. • Contacto d comunicación cos membros da comunidade educativa. • Contacto co centro de saúde de atención primaria de referencia. • Elaboración "Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021" • Facer chegar a información e protocolos de actuación á comunidade educativa. 		

Membro 2	Diana González Vázquez	Cargo	Titora Ed. Infantil
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración "Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021". • Establecemento e fomento de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID co alumnado. • Facer chegar a información e protocolos de actuación á comunidade educativa. • Elevar as propostas da etapa de Ed. Infantil. • Control da limpeza dos aseos de Ed. Infantil e profesorado. 		

Membro 3	María José Vilela Leira	Cargo	Titora 1º,2º e 3º EP
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración "Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021". • Establecemento e fomento de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID co alumnado. • Facer chegar a información e protocolos de actuación á comunidade educativa. • Elevar as propostas da etapa de Ed. Primaria. • Control da limpeza dos aseos de Ed. Primaria e profesorado. 		



2.- Centro médico de referencia

Centro	P.A.C de Guntín	Teléfono	982 29 22 91
Contacto	????		

3.- Espazo de illamento Covid

Queda habilitado o espazo de illamento Covid no segundo andar, sendo a aula á que se atopa enfronte das escaleiras. Este espazo será **de uso individual** e conta coa correspondente sinalización na porta para a súa sinxela ubicación en caso de necesidade e con ventilación exterior adecuada.

Este espazo conta co seguinte material:

- Papeleira de pedal
- Xel hidroalcohólico
- Panos desbotables
- Máscaras de protección
- Termómetro

Durante o período no que o alumno/a sospeitoso de estar infectado de coronavirus permaneza nesta aula de illamento, unha mestra do equipo COVID permanecerá en todo momento con el/ela ata que a persoa responsable do alumno/a o recolla no centro. Tanto o alumno/a como a mestra levarán máscara de protección en todo momento dentro desta aula e respectarán a distancia de seguridade.

4.- Cadros de alumnado e persoal do centro

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR GRUPOS E NIVEIS			
GRUPO	NIVEL	NÚMERO DE ALUMNOS/AS	
		NENAS	NENOS
INFANTIL	CUARTO	2	1
	QUINTO	0	1



	SEXTO	0	2
1º, 2º, 3º PRIMARIA	PRIMEIRO	1	0
	SEGUNDO	2	0
	TERCEIRO	1	0
4º, 5º, 6º PRIMARIA	CUARTO	1	2
	QUINTO	1	1
	SEXTO	0	2

CADRO DE PERSOAL DO CENTRO

PERSOAL DOCENTE	TOTAL	PERSOAL NON DOCENTE	TOTAL
DIARIO NO CENTRO	3	COCIÑA	1
ITINERANTES	2	AUXILIAR CONVERSA	???
ORIENTACIÓN	1	LIMPEZA (Concello)	1

5.- Grupos estables de convivencia

Crearanse tres grupos de convivencia estables, un en Infantil e dous en Primaria. Os grupos estables de Primaria compartirán espazo nos recreos e nas sesións de Educación Física, e sempre que se produce a ausencia de un docente.

O grupo de Infantil só compartirá espazo co resto do grupos no comedor, se ben estarán sentados en unha mesa aparte do resto. Os grupos estables de Primaria compartirán espazo no comedor, pero todo o alumando se sentará mantendo a distancia de seguridade.

AULA	ALUMNADO	TITORA	OUTRO PROFESORASO
INFANTIL	6	Diana González Vázquez	Especialista Ed. Física Especialista relixión Especialista inglés Especialista AL
1º2º3º PRIMARIA	4	María José Vilela Leira	Especialista Ed. Física Especialista relixión Especialista música Especialista AL



4º5º6º PRIMARIA	7	Beatriz Gómez Felipe	Especialista música Especialista relixión Especialista inglés Especialista AL
-----------------	---	----------------------	--

6.- Medidas específicas para os grupos estables de convivencia

O alumnado pertencente a grupos estables contará cunhas medidas específicas sempre que se atopen na súa aula. En espazos comúns terán as mesmas normas que o resto dos grupos do centro. Entre estas medidas destacan:

- **Uso de máscara de protección:** será obrigatoria para os grupos estables de Primaria en todo momento durante a xornada. No grupo estable de Infantil non será obrigatoria dentro da aula, aínda que se recomenda o seu emprego.
- **Desinfección das mans:** Na entrada das aulas haberá dispensadores de xel hidroalcohólico sinalizados de uso obrigado. O profesorado responsable nese momento do grupo nese momento controlará que o alumnado realice correctamente a hixiene de mans. Deberase desinfectar as mans nas entradas e saídas da aula, saídas e entradas por ir aos aseos, saída e entrada do recreo e antes e despois da merenda de media mañá.
O profesorado responsable do grupo insistirá nas medidas de protección que se deben seguir, especialmente durante as primeiras semanas do curso, instruindo ao alumnado sobre a forma correcta de levalas a cabo.
- **Distribución do alumnado:** O alumnado terá asignado o seu posto fixo, que estará separado dos que o rodean á máxima distancia posible en Educación Primaria. En Educación Infantil non será necesaria esta distancia entre postos escolares en todo momento, pero procurárase a maior distancia posible.
- **Materiais escolares:**
 - Cada alumno/a terá o seu propio material de uso individual, que non poderá ser empregado por ningún outro alumno/a en ningún momento. Este material deberá estar identificado co nome do alumno/a e gardado en caixóns individuais



nun espazo previamente desinfectado. O material permanecerá en todo momento no centro.

- Cando un docente requira material específico distinto do habitual que proceda da casa este será desinfectado antes do seu emprego. Está prohibido que o alumnado traia da casa ningún material ou xoguete distinto do requirido polo docente.
- Todo o material que sexa empregado por varios alumnos/as deberá ser desinfectado logo de cada uso ou posto en corentena ata que poida ser empregado de novo.
- **Recreos:** Durante o tempo de recreo o alumnado de Infantil permanecerá en un espazo separado do alumnado de Primaria. Os tempos de lecer do alumnado de Infantil poderán ser en diferente horario que para o alumnado de Educación Primaria. O material empregado durante o recreo será preferiblemente de uso individual, e será desinfectado ou posto en corentena 4 días tras o seu uso.
- **Ventilación:** as portas das aulas permanecerán abertas, de ser posible, en todo momento para evitar o contacto co pomo e favorecer a ventilación da aula. Se o mestre/a o considera preciso, poderase cerrar a porta pero deberá ser o/a mestre/a o/a responsable de facelo e desinfectar despois o pomo.
- **Aseos:** Só se poderá empregar un sanitario e un lavabo en cada aseo, que será sempre o mesmo, estando prohibido empregar o resto. Haberá sinalización en todos os aseos para identificar o que se pode empregar e o que non. Cada alumno/a empregará o aseo de forma individual, sinalizando que está ocupado por medio do cartel que se atopa na porta para este fin. Deberá lavar e desinfectar as mans cada vez que vaia ao aseo.
- O alumando de Ed. Infantil empregará exclusivamente o aseo que se atopa dentro da súa aula.
- **Corredores:** Non se poderá permanecer nos corredores do centro, serán soamente un lugar de paso. Deberase circular polos corredores sempre pola dereita, seguindo a sinalización que se atopa no chan.



7.- Medidas específicas para o alumnado de Ed. Infantil

- Na etapa de Educación Infantil, dentro do grupo de convivencia estable, traballarase en **dous grupos colaborativos fixos** de un máximo de 5 alumnos/as cada un. Un grupo co alumnado de 4º e outro co alumnado de 5º e 6º, que se manterán ao longo de todo o curso.
- Cada grupo colaborativo estará cada día nun recuncho de forma rotatoria, asegurando a desinfección ou posta en corentena do material empregado por cada grupo colaborativo dentro do grupo estable.
- Os grupos colaborativos traballarán, sempre que sexa posible, a unha distancia mínima de 1,5 metros un do outro.
- Cada grupo colaborativo poderá socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita, segundo figura no protocolo da Consellería, aínda que se procurará a maior distancia posible, polo menos, para o traballo individual.
- Recoméndase o emprego da máscara de protección sempre que sexa posible tamén para o alumnado.

8.- Comunicación de sintomatoloxía e rexistro de ausencias

Persoal non docente e profesorado: con sintomatoloxía compatible non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou coa mutua para a realización, de ser o caso, dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

Alumnado: con sintomatoloxía compatible non acudirá ao centro e a familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.



Ante a detección de síntomas compatibles durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia. O alumno/a sospeitoso permanecerá illado no espazo de Illamento Covid ata que sexa recollido pola familia.

Se algunha **persoa do núcleo familiar** é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada “**EduCovid**”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos a seguinte información:

- Ante a aparición de un positivo confirmado (ou dun caso sospeitoso que estea a ser investigado), alumnado ou persoal do centro, o equipo COVID do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte (ou vehículo privado de ser o caso) e do comedor escolar, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais.
- No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultara visible para o equipo COVID do centro escolar.

A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.



O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

2.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

1.- Medidas xerais no centro

1.- No momento da chegada ao centro, na entrada principal, medirase a temperatura a todo o alumnado (salvo negativa expresa por escrito dos pais/ nais ou titores legais), que esperarán mantendo a distancia de seguridade. A continuación realizarán a desinfección de mans e do calzado, tras o que poderán acceder ao centro.

2.- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a **obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva** en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

3.- Durante as clases, nas aulas o alumnado dispoñerase sentado en pupitres individuais e todos orientados nun mesmo sentido mirando cara a mesa do docente.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado e gardarase a maior distancia posible respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

Debe garantirse a equidade do grupo en todas as actividades que se realicen na aula.

4.- O centro educativo deberá informar a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.



- Hixiene de mans: lavado frecuente, , e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.

5.- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.

6.- Habilitaranse dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns e aplicaranse medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución hidroalcohólica atendendo ás características de cada alumno/a. Xeraranse dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.

7.- Implantación de medidas de hixiene respiratoria:

- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira ou contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos, na medida do posible.



- Manter a distancia física recomendada. Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala.

8.- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 m co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso, sen prexuízo do establecido da previsión para as aulas.

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

9.- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

10.- Non se permitirá a entrada ao centro de persoas alleas ao mesmo.

11.- O alumnado non traerá ao centro ningún obxecto da casa, tales como xoguetes ou material distinto do requerido polo docente. Si poderán traer merenda e unha botella de plástico de auga, que non poderán compartir con ningún outro compañeiro/a.

2.- Medidas nas aulas de Educación Primaria

1. O alumnado ten asignado o seu posto fixo, que se atopa situado á maior distancia posible do resto dos postos dos seus compañeiros/as.

Deberán desinfectar o seu posto antes de comenzar a traballar.

2. O seu material permanecerá gardado en caixas con tapa e será de uso individual. O material permanecerá sempre no centro, non podendo traer da casa ningún material máis que o que determine o profesorado.

3. As chaquetas quedarán sempre fóra da aula, en un colgador identificado co nome do alumno/a.



4. Non poderán levantarse do seu asento sen permiso do docente.
5. Deberán usar a máscara de protección durante toda a xornada escolar.

3.- Medidas para o emprego de aulas especiais, como AL, Ximnasio, Música, Plástica

Para o emprego de **aulas especiais**, como **AL, Ximnasio, Música, Plástica** seguiranse as seguintes medidas por tratarse de espazos compartidos:

- Emprego de máscara como norma xeral tanto de profesorado como alumnado.
- Cando non sexa posible empregar a máscara de protección debido ao traballo específico que se realiza, aconséllase ao profesorado especialista o emprego de pantalla protectoras.
- Manter a distancia interpersonal de seguridade sempre que as características da actividade o permitan, priorizando as actividades individuais fronte ás grupais.
- Ventilación da aula entre grupos un mínimo de 5 minutos e posta en corentena ou desinfección de todo o material empregado.

4.- Titorías e comunicación coas familias

Para as titorías coas familias serán empregados medios telemáticos de forma xeral, como videoconferencia Webex, Abalar Móbil ou teléfono, evitando en todo posible o acceso das familias ao centro.

5.- Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

As canles de comunicación coa comunidade educativa serán as seguintes:

- Páxina web do centro (para a difusión de información non sensible).
- Abalar Móbil.
- Correo corporativo do centro (*ceip.lousada@edu.xunta.es*)
- Teléfono do centro dentro (982 87 03 66).



A información cos provedores, visitantes e persoal do concello xa se realizaba habitualmente mediante correo ou chamada telefónica, polo que seguiremos a empregar estas vías.

6.- Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

O día 1 de setembro será presentado ao claustro, que poderá facer as súas aportacións de mellora.

O día 4 de setembro será presentado ao Consello Escolar, que tamén poderá realizar aportacións.

O día 7 de setembro realizaranse reunións presenciais por titorías para dar a coñecer o plan ás familias. Nas reunións presenciais adoptaranse as medidas axeitadas de hixiene e distancia social.

O plan difundirase a través da web do centro, para que o coñeza toda a comunidade educativa.

Tamén se trasladará á ANPA para que o difunda a través das súas canles habituais.

3.- MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA

O centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características, e que será consensuado co Concello, por ser este órgano o responsable da limpeza no centro. O protocolo de limpeza formará parte do presente Protocolo e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas.

Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O persoal de limpeza e cociña deberá levar máscara e luvas.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.



Empregaranse produtos de limpeza e desinfección homologados polo Ministerio de Sanidade.

1.- Limpeza realizada polo persoal do concello

En horario lectivo

- Limpeza e desinfección dos aseos polo menos dúas veces ao día, insistindo nas billas, pomos das portas, cisternas, dispensador de xabón e panos desbotables. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios.

- Limpeza e desinfección nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos....

Fóra do horario lectivo

- Limpeza unha vez ao día de todas as aulas e zonas de uso común. Terase especial atención a superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos e outros elementos de similares características así como de billas, elementos cisternas e outros dos aseos.

- Limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

- Limpeza de patios exteriores e ximnasio.

2.- Limpeza realizada polo persoal do centro

Persoal de Cociña

- Limpeza de todo o enxoval no lavalouzas, incluído o que non se teña usado pero teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes.

- Ventilación do espazo de comedor, polo menos 5 minutos antes do servizo sempre que sexa posible polas condicións meteorolóxicas.

- Limpeza e desinfección do comedor diaria.

Persoal docente

- Desinfección da súa mesa e cadeira nas aulas e dos equipos informáticos que empregue.

- Desinfección da mesa, cafeteira e microondas... da sala común despois de cada



USO.

- Desinfección dos recunchos de aula.
- Desinfección do material didáctico empregado por cada docente despois de cada

uso.

- Ventilación dos espazos que se estean a empregar de polo menos 5 min ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases sempre que sexa posible. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

- Desinfección da mesa e cadeira do alumno/a que saia á aula de illamento por presentar sintomatoloxía compatible co COVID-19.

Ante o aviso de alumno/a ou traballador do centro que presente síntomas mentres se atope no centro educativo, illar o contedor empregado. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto (papeleira verde). Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, despois de que o alumno/a ou traballador/a que presentou síntomas teña abandonado o centro educativo.

4.- MATERIAL DE PROTECCIÓN

1.- Rexistro e inventario

A dirección do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección do que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “Material Covid-19”.

2.- Determinación do sistema de compras do material de protección

Unha vez recibida a dotación inicial por parte da consellería, o centro garantirá a existencia de máscaras suficiente como para as posibles continxencias que poidan xurdir. Farase unha dotación de mascarar FFPF2, e unha parte desta dotación irá destinada á aula de illamento por COVID-19.

Tamén dispoñemos actualmente dunha dotación de mascarar para o alumnado ante posibles deterioros da máscara que porten nese momento. Cada mestra titora será a responsable de gardar estas máscaras de reserva para o alumnado de forma segura.



O aprovisionamento de máscaras para o profesorado e resto de persoal non docente será individual, pois actualmente é un elemento de uso obrigatorio para saír da casa, se ben poderá facerse uso das existentes no centro en caso necesario (rotura, deterioro, cambio de máscara...).

En canto ao aprovisionamento de xel hidroalcohólico e desinfectante virucida será por parte da empresa que habitualmente subministra o resto dos produtos de limpeza no centro, garantindo o mellor prezo posible, e cun compromiso de entrega en 24 horas para asegurar as existencias no centro en todo momento. Estes produtos estarán dentro da lista de recomendacións que establece o Ministerio de Sanidade.

3.- Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

Ao comezo do curso realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro do material enviado pola consellería, ou, de non ter recibido aínda este material, de material adquirido polo centro en xullo como previsión da falta do material da consellería a día 1 de setembro.

Este material será entregado pola directora e os receptores deberán asinar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.

Os membros de equipo Covid son os responsables da reposición do material cando se esgote avisando á coordinadora coa suficiente antelación cando sexa necesaria a súa compra.

5.- XESTIÓN DOS ABROCHOS

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:



- Levarase ao espazo de illamento habilitado e colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto á persoa que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

A familia dun alumno/a con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula dun grupo estable poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.



- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación para o reinicio da actividade lectiva.

1.- Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo (anexo III do protocoloda Consellería) debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do centro: [ceip.lousada.@edu.xunta.es](mailto:ceip.lousada@edu.xunta.es). Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación, xunto co modelo de informe do anexo IV da Consellería, será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.

Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoalcentros reflectindo no apartado observacións a casuística: docente vulnerable para COVID-19.



6.- MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

1. Determinación das entradas e saídas

Tanto nas saídas como nas entradas o alumnado que non sexa transportado virá acompañado de **unha soa persoa**, que ten a obriga **de usar máscara de protección**, e que **non poderá acceder ao centro**, salvo en caso de extrema necesidade.

Todo o persoal do centro, así como o alumnado, debe prestar **especial atención na puntualidade** para as entradas e saídas do centro, coa finalidade de evitar aglomeracións e axilizar o proceso de control e desinfección do alumando, para aproveitar ao máximo o tempo lectivo durante a xornada escolar.

O centro conta con 17 alumnos/as, dos cales 14 empregan o transporte escolar.

ENTRADAS

O **alumnado transportado** será o primeiro que acceda ao centro escolar. Accederán pola entrada principal do edificio, formando unha fila na que deben respectar a distancia de seguridade. Unha vez se mida a temperatura realizarán a desinfección de mans, para o que se habilitan dous postos na entrada do centro.

A continuación formarán tres filas, unha por cada grupo estable, ata que o docente responsable do grupo os acompañe á aula. O alumnado de Infantil formará a fila na entrada da súa aula. O alumado de 1º, 2º e 3º de E.P. formará a fila na escaleira, e o alumanado de 4º, 5º e 6º de E.P. formará a fila no corredor.

O **alumnado non transportado** esperará fóra co seu acompañante, mantendo a distancia de seguridade respecto do alumnado transportado, ata que lle sexa realizado o control de temperatura e, despois de realizar a desinfección de mans, colocarse na fila correspondente.

O alumnado permanecerá nas filas en todo momento ata ser acompañado á aula polo docente correspondente, estando prohibida a circulación polos corredores antes do comenzo da clase.

O profesorado responsable da garda do alumnado deberá estar no centro 20 minutos antes do comenzo da xornada e realizar, ademais das labores inherentes á garda do



alumnado transportado, a toma de temperatura e a verificación da correcta hixiene de mans por parte do alumnado.

Para a entrada no centro e ata a entrada na aula o alumnado debe respectar en todo momento a distancia de seguridade, e colocarse na fila correspondente no menor tempo posible, para evitar o contacto dos grupos de convivencia estable con outros grupos.

SAÍDAS

O alumnado abandonará o comedor por grupos de convivencia estables. Unha vez o primeiro grupo forme a súa fila tras recoller as súas pertenzas sairá do comedor o segundo grupo, e unha vez se coloque este na fila sairá o terceiro.

Para a saída do centro as filas formaranse da seguinte forma. O alumnado de Ed. Infantil na entrada ocupando a parte esquerda. O alumnado de 1º, 2º e 3º de E.P na entrada ocupando a parte dereita. O alumnado 4º, 5º e 6º de E.P. no corredor.

Non comenará a saír unha fila ata que o alumnado da anterior se atope fóra do recinto ou no bus correspondente.

Durante o proceso de saída todo o alumnado, así como os acompañantes do alumnado non transportado deberán gardar a distancia de seguridade en todo momento e usar mascarilla.

Ao igual que para a entrada, na saída todo o alumnado empregará a porta principal.

2. Portas de entrada e saída e circulación no centro educativo

Todo o persoal do centro empregará para as entradas e saídas a porta principal, sendo obrigatoria a desinfección de mans e o mantemento da distancia de seguridade en todo momento.

Para saír ao recreo poderá empregarse tamén a porta traseira, que da acceso á pista polideportiva cuberta, sendo preciso tamén desinfectar as mans para entrar e saír.

Nos corredores do centro establécense dous carrís de circulación, debendo ir sempre pola dereita, tal como indica a sinalización do chan. Os corredores son só lugares de tránsito, non podendo permanecer neles mais tempo do imprescindible para ir de un lugar a outro.

Para a circulación polos corredores e escaleiras manterase en todo o momento a distancia de seguridade.



3. Sinalización e dialéctica

- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns, indicando lugares de espera, distancias de seguridade e cartelería sobre boas prácticas no uso desas instalacións.
- Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería ou murais.
- No caso de cartelería dirixida ao alumnado colocárase a altura visual do mesmo para facilitar a súa comprobación.
- A información será en xeral relacionada co Covid-19 e coas medidas de seguridade e hixiene básicas.
- Ademais da cartelería “oficial” enviada pola consellería, colocárase carteis de elaboración propia e de estética atractiva para o alumnado, con imaxes e debuxos exemplificadores para unha mellor comprensión dos mesmos
- Terase en conta o alumnado NEAE, adaptando a cartelería con imaxes que permitan unha mellor comprensión das instrucións e das rutinas.
- Os corredores estarán sinalizados con pegadas, frechas ou liñas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.

4. Asignación do profesorado encargado da vixilancia

Tanto nas entradas e saídas como nos períodos de recreo, o profesorado encargado da vixilancia da correcta aplicación das medidas Covid será o profesorado que teña asignada a garda de transporte e/ou recreo nese momento.



7.- MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA

Actividades extraescolares: O centro non realizará ningunha actividade extraescolar fóra do horario lectivo, coa finalidade de garantir a máxima seguridade para o alumnado e non romper os grupos de convivencia estables.

A ANPA ou o Concello poderán organizar actividades extraescolares no recinto escolar fóra do horario lectivo. A súa realización debe ser aprobada polo Claustro, co visto e prace do equipo Covid, e deben contar con un protocolo de actuación que se integrará como anexo no presente “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras. Para a súa aprobación será requisito indispensable a organización do alumnado mantendo os grupos de convivencia estable.

As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Consellos Escolares: Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.

Titorías: Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e o Abalar Móbil.

Realización de eventos: debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo que vivamos unha gran mellora da situación epidemiolóxica, non se celebrará o Festival de Nadal nin actos masivos como o Samaín ou Magosto. Estas celebracións terán lugar dun xeito diferente e seguindo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferentes grupos estables, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre e con espazos delimitados para cada grupo estable, por ter un gran patio onde dar cabida a todos.



- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- Realización de actividades telemáticas ou dixitais para compartir coa comunidade educativa dunha forma non presencial.

Saídas didácticas (excursións): Non se realizarán ata que non se produza unha mellora na situación epidemiolóxica. Si que se realizarán saídas pola contorna, nas que se manterán os grupos de convivencia estable na medida do posible.

8.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa **obriga do emprego de máscara**. No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

9.- MEDIDAS DE USO DO COMEDOR ESCOLAR

Todo o alumando comerá en unha única quenda, xa que a capacidade do comedor así o permite. O alumnado de Ed. Infantil estará sentado en unha mesa aparte. O alumnado de Primaria sentarase en outra mesa respectando a distancia de seguridade en todo momento e os grupos de convivencia estable.

Os menús serán empratados na cociña e servidos polos colaboradores.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.



Tamén terá a obriga de lavar e desinfectar todo o que puidese estar en contacto co alumnado, aínda que non se empregase.

Durante o tempo estancia no comedor seguiranse as seguintes normas:

- Será obrigado o uso de máscara de protección para entrar e saír do comedor escolar.
- O persoal colaborador será o encargado de servir ao alumnado e de recoller os pratos e cubertos.
- O alumnado permanecerá sentado no seu posto correspondente durante todo o servizo de comedor, non podendo levantarse en ningún momento salvo causa xustificada.
- Por motivos de seguridade e de aforo nos aseos non se realizará o lavado dos dentes como era habitual ata o de agora.
- O alumnado debe realizar un correcto lavado e desinfección de mans antes de acceder ao comedor. Accederán ao mesmo respectando en todo momento a distancia de seguridade e os grupos de convivencia estables.
- Para a saída do comedor tamén se respectarán os grupos de convivencia estables.

10.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DE OUTROS ESPAZOS

1. Uso da biblioteca

- O aforo da biblioteca será do dun máximo do 50% da súa capacidade.
- Será obrigatorio o emprego de máscara de protección en todo momento dentro da biblioteca e haberá que desinfectar as mans á entrada e á saída. Na entrada da mesma existirá un posto de desinfección con panos desbotables e solución hidroalcolica.
- O préstamo funcionará dende o comenzo de curso con normalidade. Os libros prestados serán depositados en cestas habilitadas para tal fin e estarán en corentena un mínimo de 48 horas.



- A persoa encargada da biblioteca escolar establecerá un horario para o seu uso de forma que non coincidan dous grupos de convivencia estable ao mesmo tempo.
- Cando un grupo empregue a biblioteca deberá desinfectala antes de saír, e será ventilada antes de ser empregada por outro grupo.
- Instarase ao alumnado e profesorado que toquen o menos posible os libros dos andeis, collendo só o que vaian ler.
- A mochila viaxeira non se empregará durante o curso 2020-21 polo risco que conleva o seu uso.

2. Uso da aula de música

Será empregada tanto polo alumnado de Infantil como polo alumnado de primaria, debendo realizar a desinfección de mans no momento de acceder.

No caso de que dous grupos estables empreguen a aula o mesmo día será necesario ventilar o espazo entre sesións un mínimo de 15 minutos e desinfectar os instrumentos e mobiliario empregados.

Consideracións para a actividade de fruta:

Por ser una actividade na que, pola súa propia natureza, poden emitirse cantidade de gotas de saliva, extremaranse as precaucións coas seguintes medidas:

- Todo o alumnado estará orientado á mesma dirección cando se faga uso da mesma.
- Os limpadores serán de uso exclusivo de cada alumno, quedando terminantemente prohibido o uso compartido.
- Ao rematar o uso, fará unha limpeza inmediata para evitar a condensación no interior do instrumento, acto seguido, procederá á desinfección das mans.
- Cada alumno/a terá a súa propia funda de fruta identificada co seu nome.

3. Sesións de Educación Física

Tomado como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto



coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

- Utilizaranse desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans
- Procurarase que os quipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie polo menos unha vez ao día.

Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- O uso da máscara será obrigatorio agás que as actividades se realicen o exterior, de forma individual e a dous metros de distancia entre persoas. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso



continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.

- Puntualmente, en xogos nos que sexa imposible evitar o contacto e a distancia, uso de máscara.

4. Uso dos aseos

- Cada grupo estable terá asignado un aseo concreto para evitar a contaminación cruzada, quedando distribuídos da seguinte maneira:
 - O alumnado de Ed. Infantil usará exclusivamente o aseo da súa aula.
 - O alumnado de 1º, 2º e 3º de E.P. empregará os aseos da planta baixa.
 - O alumnado de 4º, 5º e 6º de E.P. empregará os aseos do segundo andar.
- O profesorado empregará os aseos do profesorado.
- Só se poderá empregar o aseo de forma individual, establecendo un sistema de carteis para indicar que está ocupado.
- Empregarase en cada caso un único sanitario e os lavabos mais alonxados entre si.
- E obrigatorio o uso de máscara de protección para empregar o aseo e nos traslados ao mesmo.
- Todos os aseos contarán con cartelería sobre o correcto lavado das mans.

11.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS

O alumnado de infantil permanecerá en un espazo separado do resto ou ben farán os recreos en distinto horario.

Os recreos realizaranse sempre que sexa posible no exterior e procurando manter a distancia entre o alumando . A máscara só se sacará no momento da merenda.



O material de xogo que empreguen será desinfectado tras o seu uso ou posto en corentena durante 4 días.

MERENDA

O alumnado de Infantil comerá a merenda na aula. O alumnado de Primaria comerá a merenda no exterior gardando a distancia de seguridade requerida sempre que a climatoloxía o permita, senón farano no comedor.

12.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais será obrigatorio o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.
- No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas.
- Limitaranse, dentro do posible, as interaccións dos grupos.
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tусir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- De se preciso asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de Risco.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.



13.- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizárase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Reunións:

- Para aquelas que impliquen a participación de todo o profesorado empregárase o comedor escolar, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social.
- As reunións dos diferentes equipos docentes terán lugar na sala de mestres (sempre que participe un número inferior a nove persoas).
- Para as reunións de equipos de nivel ou ciclo empregárase unha das aulas dese nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.
- Cando non sexa posible cumprir as normas de protección e aforo ou cando se estime oportuno por algún particular, as reunións realizaranse de xeito telemático.

Deste xeito, establécese como preferente, os medios telemáticos.

- Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

Sala de mestres:

- Corresponde ao profesorado manter una conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección polo que será necesario hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor (mesa, cadeira...) e os elementos de uso común como teclados, pantallas, máquinas de café, e calquera elemento susceptible de contaxio por contacto. Prestarase especial atención á ventilación da sala.
- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira.



- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcohólico.
- Para empregar a máquina de café e o mocroondas, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar.

Reunións dos órganos colexiados:

As reunións de Claustro e Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Preferentemente reunións telemáticas na plataforma oficial que oferte a consellería (Cisco Webex).
- Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Realizaranse na biblioteca.

14.- MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

1.- Formación en Educación en saúde

De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación para a saúde, particularmente fronte a Covid-19.

- Proporcionarase información sobre os protocolos e actuacións previstas por parte do equipo COVID a toda a comunidade educativa.
- Enviarase información as familias e poderán empregar as canles habituais de comunicación (Abalar Móbil, correo corporativo, teléfono) co centro e co profesorado para todas as dúbidas que poidan xurdir.
- Sinalización do centro e uso de cartelería e infografías para axudar a comprender e adaptarnos á nova situación a que nos enfrontamos nos centros educativos.
- Manteremos actualizada toda a información relacionada coas medidas de prevención e hixiene fronte o COVID-19.



- Desenvolveremos proxectos de innovación educativa para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable no alumnado como son os Plan Proxecta e os Contrato Programa.
- O comedor escolar será unha ferramenta máis para a adquisición por parte do alumnado de hábitos alimenticios saudables, creando a consciencia de como a alimentación pode afectar na nosa saúde, así como hábitos de hixiene, especialmente dirixidos a evitar o contaxio dentro e fora do centro.
- O alumnado realizará ao longo do curso diversas actividades relacionadas coa prevención e a hixiene, especialmente dirixida á contención da transmisión do virus.
- O profesorado pertencente ao equipo COVID recibirá formación por parte da Consellería de Sanidade a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación.

2.- Difusión das medidas de prevención e protección

Realizarase unha difusión da información das medidas de prevención que realice a Consellería de Sanidade e Educación a toda a comunidade educativa mediante a páxina web do centro e mediante cartelería proporcionada por ambas consellerías, así como cartelería e infografías de elaboración propia do centro para as familias así como a cartelería adaptada ao alumnado.

Facilitarase en todo momento o acceso a documentación do centro a toda a comunidade educativa, así como promover a realización de charlas formativas de interese.

3.- Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais, logo da súa formación inicial durante o curso 2019-2020 durante o período de teledocencia nos centros. A pesar disto o profesorado durante o curso, mediante os proxectos e plans de formación levados a cabo no centro ou a nivel individual, continuará coa formación neste tipo de recursos dixitais e no emprego desta plataforma.

A coordinadora do equipo TIC será a responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de



información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados.

Outras funcións realizadas pola coordinadora TIC serán a comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona ou divulgacións de formación.

A persoa que leva a coordinación EDIXGAL, tendo en conta a súa formación previa no desenvolvemento deste proxecto con anterioridade, tamén colaborará en todo momento coa coordinadora TIC no desenvolvemento destas funcións. Estas persoas son:

MESTRA	FUNCIÓN
Diana González Vázquez	Coordinadora TIC
Beatriz Gómez Felipe	Coordinadora E-Dixgal

15.- DIFUSIÓN DO PLAN

O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión mediante as seguintes canles:

- Publicación na páxina web do centro para ser visualizado e descargado pola comunidade educativa e outras entidades.
- Enviado por correo corporativo: enviarase ao claustro, inspección educativa e a aquelas persoas ou entidades perceptivas do mesmo que así o soliciten ao correo do centro.